

Admisión ao primeiro curso dos ciclos formativos de grao medio no réxime ordinario en centros sostidos con fondos públicos (proceso centralizado). Curso 2008-2009

Instrucións sobre o proceso de admisión e para cubrir o impreso de solicitude de admisión

POR FAVOR, IMPRIMA ESTAS PÁXINAS E LEA A INFORMACIÓN QUE CONTEÑEN

1. Documentación incluída

- Impreso de solicitude de admisión a ciclos de grao medio, segundo modelo de anexo I.
- Oferta educativa de ciclos formativos de grao medio en centros sostidos con fondos públicos, no réxime ordinario, para o curso 2008-2009, con base na que se manifestarán as preferencias, na que se relacionan os códigos de ciclo e do centro onde este se ofrece.
- Impreso de renuncia á praza adxudicada, permanecendo no proceso, en espera da adxudicación de opcións anteriores. Só é necesario no caso de que desexa renunciar a algunha adxudicación.
- Impreso de solicitude de matrícula, que deberá presentarse unha vez que a persoa interesada resulte adxudicada.

LEA ATENTAMENTE ESTAS INSTRUCCIÓNS ANTES DE CUBRIR O IMPRESO DE SOLICITUDE

- Poña sumo coidado na formalización do presente impreso; calquera erro pode prexudicalo no proceso de admisión a ciclos formativos de grao medio de FP inicial.
- Cubra este impreso de xeito claro, mecanografiado ou con letra de imprenta.

2. Prazo de solicitude de admisión

- O prazo de presentación de solicitudes de admisión é o seguinte:
 - Período ordinario: do 17 de xuño ao 2 de xullo de 2008.
 - Período extraordinario: do 1 ao 12 de setembro de 2008.
- Unicamente poderá presentar a solicitude de admisión quen cumpra os requisitos de acceso no momento da inscrición.
- As solicitudes presentadas no período ordinario terán prioridade sobre as presentadas no período extraordinario.

3. Apartados do impreso de solicitude

Datos persoais do/da solicitante

- Neste apartado, a persoa solicitante consignará de forma clara os seus datos persoais. Cubra todos os datos requiridos (se dispón de máis dun número de teléfono, indíqueos).

Expón

- Neste apartado, a persoa solicitante marcará mediante un X no cadro correspondente a forma pola que solicita o acceso aos ciclos formativos de grao medio.
 - No caso de acceso directo marcará os estudos que acredita.
 - No caso de acceso mediante proba marcará a proba correspondente á documentación presentada.
- Débese marcar **só unha forma de acceso**. Quen cumpra simultaneamente os requisitos de acceso directo ao ciclo formativo de grao medio e os de acceso mediante proba non poderá presentar a solicitude de acceso mediante proba. De o facer, excluírase do proceso de admisión.
- Se o alumno ou a alumna **solicita repetir no mesmo centro o ciclo completo**, deberá marcar o cadro correspondente e non cumprirá que cubra o requisito de acceso, nin que achegue documentación ningunha. Neste caso terá a praza garantida.

Xunta a seguinte documentación acreditativa

- A persoa solicitante sinalará a documentación que achega, marcando cun X no cadro correspondente. Cumprirá entregar fotocopias compulsadas dos documentos (excepto o alumnado que solicite repetir no mesmo centro)
 - DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade doutro Estado da Unión Europea.
 - **Acceso directo**
 - Anexo IX, ou certificación académica en que conste o expediente académico e o depósito do título alegado para o acceso, de ser o caso.
 - **Acceso mediante proba**
 - Certificado da superación da proba de acceso ao ciclo formativo.
 - Certificado da superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

Ademais, deberá achegar a seguinte documentación, de ser o caso:

- **Acreditación de discapacidade**
 - Certificado do recoñecemento do grao de minusvalía.
 - Ditame técnico facultativo.
- **Acreditación de deportista de alto nivel**
 - Resolución personalizada da Consellería de Cultura e Deporte pola que quen solicita obtén a consideración de deportista galego de alto nivel.

- Resolución personalizada do Consello Superior de Deportes pola que quen solicita obtén a consideración de deportista nacional de alto nivel.
- **Titulacións obtidas no estranxeiro**
- Credencial definitiva de homologación dos seus estudos cos correspondentes españois. Quen non dispoña da credencial indicada anteriormente deberán xuntar o volante de inscrición condicional.
- Expediente académico expedido no estranxeiro, que deberá axustarse aos requisitos seguintes:
 - Ser oficial e con cualificacións por materia e curso, e estar expedido polas autoridades competentes.
 - Presentarse legalizado por vía diplomática ou mediante a apostila do Convenio da Haia. Requisito non esixido aos documentos expedidos na Unión Europea ou en países signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo.
 - Ir acompañado, de ser o caso, da súa correspondente tradución oficial ao galego ou ao castelán. A tradución deberá ser realizada por:
 - Tradutor xurado, debidamente autorizado ou inscrito en España.
 - Calquera representación diplomática ou consular do Estado español.
 - Representación diplomática ou consular en España do país de procedencia.

A presentación do volante condicional para o centro solicitado en primeiro lugar permitirá a inscrición condicionada en todos os centros e para todos os ciclos relacionados na solicitude.

A inscrición no proceso de admisión estará condicionada á resolución do expediente de homologación por parte do Ministerio de Educación e Ciencia. No suposto de que a resolución non se producira nos termos solicitados pola persoa interesada e incluídos no citado volante, quedará sen efecto a inscrición no proceso de admisión aos ciclos formativos de grao medio, e a conseguinte matrícula.

Solicita

- Indicará o curso académico para o que solicita a admisión mediante os dous derradeiros díxitos dos anos a que se refire o curso.
- Solicitantes de novo ingreso ao primeiro curso: manifestará os ciclos que solicita por orde de preferencia, indicando o centro en que desexa cursalos. Pódense consignar **oito preferencias** de ciclos como **máximo**; as que excedan ese número non se terán en conta.
- O alumnado que solicite repetir por ciclo completo manifestará un único ciclo, indicando o centro onde se solicita a admisión.
- Os ciclos solicitados e o centro onde se imparten deberán ser identificados mediante o **código do ciclo** e o **código do centro** onde se ofrece. Sinala un díxito en cada un dos cadros reservadas para o efecto. Para coñecer os códigos que se deben consignar, consulte a oferta educativa de ciclos formativos de grao medio en centros sostidos con fondos públicos, no réxime ordinario, para o curso 2008-2009 que se xunta.
- Poña moita atención na consignación dos códigos, posto que aqueles que non correspondan aos sinalados no documento de oferta non se terán en conta e perderase esa opción de solicitude.

Lexislación aplicable

- Decreto 30/2007, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as

ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 16 de marzo).

- Orde do 5 de xuño de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas (DOG do 15 de xuño).
- Resolución do 3 de xuño de 2008 pola que se determinan os prazos e se ditan instrucións no procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior no réxime ordinario e para as persoas adultas e programas de cualificación profesional inicial para o curso académico 2008-2009 (DOG do 12 de xuño).

Data e sinatura

- Non esqueza **asinar** a súa solicitude e indicar a data. As solicitudes non asinadas carecen de validez. Mediante a sinatura vostede faise responsable da veracidade de todos os datos consignados no proceso; a falsidade dos datos ou da documentación entregada producirá a exclusión do procedemento.

Espazo reservado para ser cuberto pola Administración

- No espazo reservado para ser cuberto pola Administración non consigne dato ningún.
- O impreso irá dirixido á directora ou ao director do centro onde se entrega a documentación, que será aquel que ofrezca o ciclo solicitado no primeiro lugar.

4. Información xeral sobre o proceso de admisión a ciclos formativos de grao medio

- 1. Deberá presentar unha **única** solicitude de admisión (agás para ciclos de grao diferente) xunto **cun duplicado**, que lle será devolto despois de ser datado e selado, na secretaría do centro que imparta o ciclo solicitado en primeira opción. A entrega de varias solicitudes no mesmo centro ou en centros distintos dará lugar á súa exclusión do proceso, por incorrer en duplicidade de solicitudes. **Tamén é posible cubrir a solicitude a través da páxina web www.edu.xunta.es/fp, pero non esqueza que deberá presentala na secretaría** do centro do ciclo formativo que se solicita en primeiro lugar. **Sen este último requisito, a solicitude enténdese como non válida.**
- 2. No caso de que vostede acceda por **proba de acceso**, tamén deberá entregar a solicitude no **mesmo prazo**. A inscrición para a proba de acceso non presupón a solicitude de admisión aos ciclos formativos de grao medio.
- 3. Se cumpre condicións tras a convocatoria extraordinaria de setembro deberá entregar a documentación xustificativa no centro entre o **1 e o 12 de setembro** de 2008.

IMPORTANTE

SOLICITUDES PRESENTADAS NO PERÍODO ORDINARIO (17 de xuño a 2 de xullo)

O día 4 de xullo de 2008 os centros publicarán a relación provisional de solicitantes, que tamén se poderá consultar na web: www.edu.xunta.es/fp.

No caso de que os datos correspondentes á súa solicitude non sexan correctos poderá presentar reclamación entre os días 4 e 11 de xullo de 2008, ambos os dous incluídos. A listaxe definitiva de solicitantes publicarase nos taboleiros de anuncios dos centros o día 16 de xullo de 2008, e

tamén se poderá consultar na páxina web www.edu.xunta.es/fp.

A primeira listaxe definitiva de admitidos publicarase nos taboleiros de anuncios dos centros o día 21 de xullo de 2008, e tamén se poderá consultar na páxina web www.edu.xunta.es/fp. O alumnado admitido nesta listaxe poderá formalizar a matrícula entre os días 21 e 24 de xullo de 2008.

A segunda listaxe definitiva de admitidos publicarase nos taboleiros de anuncios dos centros o día 29 de xullo de 2008, e tamén se poderá consultar na páxina web www.edu.xunta.es/fp. O alumnado admitido nesta listaxe poderá formalizar a matrícula entre os días 29 e 31 de xullo de 2008.

SOLICITUDES PRESENTADAS NO PERÍODO EXTRAORDINARIO (do 1 ao 12 de setembro)

O 16 de setembro de 2008, os centros publicarán a relación provisional de solicitantes e quedará aberto un prazo de reclamación do 16 ao 18 de setembro, ambos os dous incluídos.

A listaxe definitiva de solicitantes publicarase o día 19 de setembro de 2008.

A primeira listaxe definitiva de adxudicados publicarase nos taboleiros de anuncios dos centros o día 22 de setembro de 2008, e tamén se poderá consultar na páxina web www.edu.xunta.es/fp.

O alumnado adxudicado nesta listaxe poderá formalizar a matrícula entre os días 22 e 24 de setembro de 2008.

5. O proceso de adxudicación desenvolverase en dúas fases:

— **Ordinaria:** no mes de xullo de 2008; a adxudicación desenvolverase en dúas quendas consonte o seguinte calendario:

Datas de publicación da relación de prazas adxudicadas (nos centros e na web)	Prazo de matrícula ou de renuncia á praza adxudicada
21 de xullo	21 ao 24 de xullo
29 de xullo	29 ao 31 de xullo

— **Extraordinaria:** nos meses de setembro e de outubro de 2008, que se desenvolverá en once quendas consonte o seguinte calendario:

Datas de publicación da relación de prazas adxudicadas (nos centros e na web)	Prazo de matrícula ou de renuncia a praza adxudicada
22 de setembro	22 ao 24 de setembro
25 de setembro	25 e 26 de setembro
29 de setembro	29 de setembro ao 1 de outubro
2 de outubro	2 e 3 de outubro
6 de outubro	6 ao 8 de outubro
9 de outubro	9 e 10 de outubro
13 de outubro	13 ao 15 de outubro
16 de outubro	16 e 17 de outubro
20 de outubro	20 ao 22 de outubro
23 de outubro	23 e 24 de outubro

27 de outubro

27 e 28 de outubro

- **6.** Os solicitantes ao primeiro curso poderán renunciar á praza adxudicada e permanecer no proceso, á espera de que lles sexa adxudicada algunha das opcións manifestadas nas opcións de maior prioridade á adxudicada. A renuncia afectará á praza que fora adxudicada e a todas as preferencias sinaladas en lugares posteriores a ese. A renuncia deberase manifestar no modelo de impreso para tal efecto, que se deberá entregar no prazo de matrícula establecido para a quenda en que lle foi adxudicada esa praza á que renuncia.
- **7.** O aspirante que renuncia asome o risco de que non se lle adxudique ningunha das prazas que solicitou con anterioridade e, xa que logo, quedaría desescolarizado, polo que no momento de renunciar debe valorar a posibilidade de que lle adxudiquen algunha das prazas sinaladas con maior prioridade. Para tal efecto, poderá consultar no enderezo web: www.edu.xunta.es/fp
- **8.** As persoas solicitantes admitidas que non se matriculen e non presenten renuncia no prazo indicado perderán o dereito á súa praza, nese caso, procederase á súa escolarización ao final do proceso, se houber vacantes.
- **9.** Cando non existan postos escolares suficientes para atender todas as solicitudes, para acceder a ciclos formativos de grao medio atenderase á nota media do expediente académico dos estudos requiridos para o acceso, con independencia de que procedan do mesmo centro educativo ou doutro distinto.
- **10.** No caso de acceso mediante proba atenderase á nota final da devandita proba, con independencia do centro educativo de procedencia da persoa solicitante
- **11.** A formalización da matrícula nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria quedará condicionada a que haxa cargado na aplicación informática, antes da 12:00 horas do 15 de setembro, un número mínimo de oito solicitudes de matrícula admitidas por cada centro educativo nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e de seis solicitudes en cada centro de resto de Galicia, para cada un dos ciclos formativos de grao medio ou superior.
- **12.** A persoa solicitante que indique un número de teléfono móbil na solicitude de admisión ao primeiro curso de ciclos formativos polo réxime ordinario recibirá unha comunicación vía SMS en que se lle indicará o centro e o ciclo adxudicados, e o prazo en que deberá formalizar a matrícula correspondente. Esta comunicación terá carácter simplemente informativo e non substituirá a notificación oficial no xeito establecido na resolución do 3 de xuño de 2008.
- **13.** A admisión ao ciclo formativo de grao medio de mergullo a media profundidade, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 5 de xuño de 2007, quedará condicionada a que a persoa solicitante supere determinadas probas específicas que acrediten que reúne as condicións físicas e psíquicas requiridas. Para poder realizar as devanditas probas será preciso que a persoa participante teña cumpridos os 18 anos ou vaia cumprilos no ano de realización da proba, debido ao risco que supoñen para a súa seguridade.
- **14.** Para obter máis información pode consultar a páxina web www.edu.xunta.es/fp ou dirixirse aos centros educativos onde se impartan ciclos formativos.



Oferta educativa de ciclos formativos de grao medio no réxime ordinario en centros sostidos con fondos públicos para o curso 2008-2009

A Coruña

Concello: Arteixo

15023314	IES de Sabón	Telf: 981601012
CM02001	Condución de actividades físico-deportivas no medio natural	
CM04001	Xestión administrativa	
CM09002	Equipos e instalacións electrotécnicas	

Concello: Arzúa

15027733	IES de Arzúa	Telf: 981500527
CM01001	Traballos forestais e conservación do medio natural	
15020313	EFAG El Piñeiral	Telf: 981500580
CM06001	Comercio	
CM19001	Coidados auxiliares de enfermaría	
CMINA01	Panadaría, repostaría e confeitaría	

Concello: Bergondo

15001033	CFEA de Guísamo	Telf: 981795220
CM01002	Xardinaría	
CM01004	Explotacións agrícolas intensivas	

Concello: Betanzos

15001148	IES As Mariñas	Telf: 981775811
CM04001	Xestión administrativa	
CM09002	Equipos e instalacións electrotécnicas	
CM16002	Electromecánica de vehículos	

Concello: Boiro

15026698	IES Espiñeira	Telf: 981847677
CM04001	Xestión administrativa	
CM09001	Equipos electrónicos de consumo	

Concello: Boqueixón

15013254	CFEA de Sergude	Telf: 981511815
CM01001	Traballos forestais e conservación do medio natural	
CM01003	Explotacións agrarias extensivas	

Concello: Cambre

15027873	IES Afonso X O Sabio	Telf: 981651025
CM04001	Xestión administrativa	

Concello: Carballo

15002581	IES Alfredo Brañas	Telf: 981700911
CM06001	Comercio	
15002591	IES Monte Neme	Telf: 981701159
CM04001	Xestión administrativa	
CM09001	Equipos electrónicos de consumo	
CM09002	Equipos e instalacións electrotécnicas	
CMFME01	Mecanizado	

Concello: Cedeira

15026376	IES Punta Candieira	Telf: 981481202
CM06001	Comercio	
CM09002	Equipos e instalacións electrotécnicas	
CM17002	Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas	

Concello: Cee

15003212	IES Agra de Raíces	Telf: 981745950
CM19001	Coidados auxiliares de enfermaría	
15003224	IES Fernando Blanco	Telf: 981745350
CM04001	Xestión administrativa	

CM09002	Equipos e instalacións electrotécnicas	
CM16002	Electromecánica de vehículos	
CM17002	Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas	

Concello: Coristanco

15021974	EFAG Fonteboa	Telf: 981733051
CM01003	Explotacións agrarias extensivas	

Concello: Coruña, A

15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Telf: 981210112
CM19001	Coidados auxiliares de enfermaría	
CM19002	Farmacia	
CM20001	Atención sociosanitaria	
15024513	CIFP Someso	Telf: 981282200
CM10001	Soldadura e caldeiraría	
CM12002	Estética persoal decorativa	
CM12003	Perrucaría	
CM15001	Fabricación á medida e instalación de carpintería e moble	
CM16001	Carrozaría	
CM16002	Electromecánica de vehículos	
CMFME01	Mecanizado	
15027770	IES A Sardiñeira	Telf: 981247316
CM18002	Laboratorio	
15004204	IES Calvo Sotelo	Telf: 981252600
CM05002	Impresión en artes gráficas	
CM05003	Preimpresión en artes gráficas	
CM09002	Equipos e instalacións electrotécnicas	
CM10001	Soldadura e caldeiraría	
CM15001	Fabricación á medida e instalación de carpintería e moble	
CMFME01	Mecanizado	
15005397	IES Fernando Wirtz Suárez	Telf: 981230643
CM04001	Xestión administrativa	
CM14001	Explotación de sistemas informáticos	
15027897	IES Paseo das Pontes	Telf: 981160196
CM11003	Servizos de restaurante e bar	
CM21001	Confección	
CMHOT01	Cociña e gastronomía	
15005257	IES Ramón Menéndez Pidal	Telf: 981203000
CM06001	Comercio	
15005269	IES Urbano Lugo	Telf: 981235945
CM09001	Equipos electrónicos de consumo	
CM17002	Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas	
15004061	CPR Cervantes	Telf: 981204648
CM04001	Xestión administrativa	
CM06001	Comercio	
15021986	CPR Cruz Roja Española	Telf: 981169163
CM19001	Coidados auxiliares de enfermaría	
CM19002	Farmacia	
15004794	CPR Fogar de Santa Margarida	Telf: 981251090
CM06001	Comercio	
15004231	CPR Karbo	Telf: 981236179
CM04001	Xestión administrativa	
CM06001	Comercio	
15004782	CPR La Grande Obra de Atocha	Telf: 981201785
CM04001	Xestión administrativa	
15004265	CPR Liceo La Paz	Telf: 981286299
CM04001	Xestión administrativa	



Oferta educativa de ciclos formativos de grao medio no réxime ordinario en centros sostidos con fondos públicos para o curso 2008-2009

CM19001 Coidados auxiliares de enfermaría
15005488 CPR López Vicuña Telf: 981207480

CM04001 Xestión administrativa
CM06001 Comercio

15004356 CPR Nebrija Telf: 981259006

CM04001 Xestión administrativa
CM06001 Comercio

CM19001 Coidados auxiliares de enfermaría
CM19002 Farmacia

15004541 CPR San Andrés Telf: 981203818

CM04001 Xestión administrativa

Concello: Culleredo

15005749 IES Cruceiro Baleares Telf: 981660700

CM03003 Operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque

CM03004 Pesca e transporte marítimo

CM09001 Equipos electrónicos de consumo

CM09002 Equipos e instalacións electrotécnicas

CM17001 Montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor

Concello: Curtis

15022620 IES de Curtis Telf: 981786100

CM04001 Xestión administrativa

CM09002 Equipos e instalacións electrotécnicas

CM14001 Explotación de sistemas informáticos

CM16002 Electromecánica de vehículos

Concello: Fene

15032583 CIFP de Fene Telf: 981360300

CM04001 Xestión administrativa

CM09001 Equipos electrónicos de consumo

CM10001 Soldadura e caldeiraría

CM16002 Electromecánica de vehículos

CM17001 Montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor

CM17002 Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas

Concello: Ferrol

15006778 CIPF Rodolfo Ucha Piñeiro Telf: 981321565

CM04001 Xestión administrativa

CM06001 Comercio

CM14001 Explotación de sistemas informáticos

15006742 IES Concepcion Arenal Telf: 981310104

CM18002 Laboratorio

15021469 IES Leixa Telf: 981328951

CM05002 Impresión en artes gráficas

CM05003 Preimpresión en artes gráficas

CM19001 Coidados auxiliares de enfermaría

CM19002 Farmacia

15006754 IES Marqués de Suanzes Telf: 981333107

CM09001 Equipos electrónicos de consumo

CM09002 Equipos e instalacións electrotécnicas

CM10001 Soldadura e caldeiraría

CM15001 Fabricación á medida e instalación de carpintería e moble

CM16001 Carrozaría

CM16002 Electromecánica de vehículos

CMFM01 Mecanizado

15025645 IES Ricardo Carballo Calero Telf: 981326524

CM12002 Estética persoal decorativa

CM12003 Perrucaría

15006791 IES Saturnino Montojo Telf: 981352169

CM07001 Laboratorio de imaxe

Concello: Melide

15008817 IES de Melide Telf: 981506040

CM15001 Fabricación á medida e instalación de carpintería e moble

Concello: Mugardos

15009470 CPR Loyola Telf: 981470265

CM04001 Xestión administrativa

Concello: Muros

15026388 IES Fontexería Telf: 981827225

CM09002 Equipos e instalacións electrotécnicas

Concello: Narón

15026455 IES Terra de Trasancos Telf: 981380033

CM04001 Xestión administrativa

CM09001 Equipos electrónicos de consumo

15010204 CPR Santiago Apóstol Telf: 981383851

CM04001 Xestión administrativa

Concello: Negreira

15026391 IES Xulián Magariños Telf: 981885349

CM06001 Comercio

Concello: Noia

15026731 IES Campo de San Alberto Telf: 981822800

CM04001 Xestión administrativa

CM09001 Equipos electrónicos de consumo

15010812 IES Virxe do Mar Telf: 981820119

CM07001 Laboratorio de imaxe

15010769 CPR María Assumpta Telf: 981820500

CM04001 Xestión administrativa

Concello: Oleiros

15027228 IES María Casares Telf: 981626344

CM09002 Equipos e instalacións electrotécnicas

Concello: Ordes

15027782 IES N° 1 Telf: 981680922

CM04001 Xestión administrativa

CM16002 Electromecánica de vehículos

Concello: Ortigueira

15020544 IES de Ortigueira Telf: 981400100

CM15001 Fabricación á medida e instalación de carpintería e moble

Concello: Padrón

15023090 IES Macías o Namorado Telf: 981817008

CM04001 Xestión administrativa

CM09002 Equipos e instalacións electrotécnicas

Concello: Pobra do Caramiñal, A

15025530 IES da Pobra do Caramiñal Telf: 981833900

CM19001 Coidados auxiliares de enfermaría

15026649 CPR Divino Maestro Telf: 981830011

CM04001 Xestión administrativa

Concello: Ponteceso

15026406 IES de Ponteceso Telf: 981714477



Oferta educativa de ciclos formativos de grao medio no réxime ordinario en centros sostidos con fondos públicos para o curso 2008-2009

CM04001 Xestión administrativa
CM16002 Electromecánica de vehículos

Concello: Pontedeume

15025682 IES Fraga do Eume Telf: 981432004
CM11003 Servizos de restaurante e bar
CMHOT01 Cociña e gastronomía
CMINA01 Panadaría, repostería e confeitaría
15013461 CPR San José Telf: 981430063
CM04001 Xestión administrativa

Concello: Pontes de García Rodríguez, As

15021767 IES Castro da Uz Telf: 981451304
CM09001 Equipos electrónicos de consumo
CM16002 Electromecánica de vehículos

Concello: Porto do Son

15027691 IES de Porto do Son Telf: 981767495
CM02001 Condución de actividades físico-deportivas no medio natural

Concello: Rianxo

15026807 IES Félix Muriel Telf: 981843700
CM20001 Atención sociosanitaria

Concello: Ribeira

15014556 IES Coroso Telf: 981870361
CM09002 Equipos e instalacións electrotécnicas
CM16001 Carrozaría
CM16002 Electromecánica de vehículos
CM17001 Montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor
15027711 IES Leliadoura Telf: 981874633
CM04001 Xestión administrativa
15027812 ESCO Oficial Náutico-Pesqueira Telf: 981874476
CM03003 Operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque

Concello: Santa Comba

15026030 IES Terra de Xallas Telf: 981880425
CM04001 Xestión administrativa
CM09002 Equipos e instalacións electrotécnicas

Concello: Santiago de Compostela

15016000 CIFP Compostela Telf: 981523140
CM05002 Impresión en artes gráficas
CM05003 Preimpresión en artes gráficas
CM11003 Servizos de restaurante e bar
CM20001 Atención sociosanitaria
CMHOT01 Cociña e gastronomía
CMINA01 Panadaría, repostería e confeitaría
15015767 CIFP Politécnico de Santiago Telf: 981522062
CM09001 Equipos electrónicos de consumo
CM09002 Equipos e instalacións electrotécnicas
CM10001 Soldadura e caldeiraría
CM15001 Fabricación á medida e instalación de carpintería e moble
CM16001 Carrozaría
CM16002 Electromecánica de vehículos
CM18002 Laboratorio
15026753 IES A Pontepedriña Telf: 981530455
CM06001 Comercio
15015743 IES Arcebispo Xelmírez I Telf: 981584321
CM07001 Laboratorio de imaxe

15027058 IES As Fontiñas Telf: 981573440

CM04001 Xestión administrativa
15023466 IES Lamas de Abade Telf: 981592461
CM12002 Estética persoal decorativa
CM12003 Perrucaría
CM19001 Coidados auxiliares de enfermaría
CM19002 Farmacia
15021482 IES San Clemente Telf: 981580496
CM14001 Explotación de sistemas informáticos

Concello: Vimianzo

15026418 IES Terra de Soneira Telf: 981716376
CM04001 Xestión administrativa
CM09002 Equipos e instalacións electrotécnicas

Concello: Zas

15027368 IES Maximino Romero de Lema Telf: 981719149
CM14001 Explotación de sistemas informáticos

Lugo

Concello: Becerreá

27016315 IES de Becerreá Telf: 982360505
CM09002 Equipos e instalacións electrotécnicas
27000617 CFEA Alta Montaña Telf: 982161203
CM01001 Traballo forestal e conservación do medio natural

Concello: Burela

27013958 IES Monte Castelo Telf: 982580889
CM19001 Coidados auxiliares de enfermaría
27013934 IES Perdouro Telf: 982575098
CM04001 Xestión administrativa
CM09001 Equipos electrónicos de consumo
CM12003 Perrucaría
CMFME01 Mecanizado

Concello: Castro de Rei

27015891 IES da Terra Chá, José Trapero Telf: 982310308
Pardo
CM01003 Explotacións agrarias extensivas

Concello: Chantada

27003175 IES Val do Asma Telf: 982441602
CM16002 Electromecánica de vehículos

Concello: Foz

27020562 IES de Foz Telf: 982141544
CM06001 Comercio
CM11003 Servizos de restaurante e bar
CMHOT01 Cociña e gastronomía

Concello: Lugo

27015773 IES A Piringalla Telf: 982212010
CM04001 Xestión administrativa
CM12003 Perrucaría
CM14001 Explotación de sistemas informáticos
27006528 IES As Mercedes Telf: 982221212
CM06001 Comercio
CM16001 Carrozaría
CM16002 Electromecánica de vehículos
CM17001 Montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor



Oferta educativa de ciclos formativos de grao medio no réxime ordinario en centros sostidos con fondos públicos para o curso 2008-2009

27006531 IES Lucus Augusti Telf: 982220968
CM18002 Laboratorio

27006516 IES Politécnico de Lugo Telf: 982220328
CM09001 Equipos electrónicos de consumo
CM09002 Equipos e instalacións electrotécnicas
